


EDUCACIÓN DIXITAL INNOVADORA

PROXECTO
ABALAR



XUNTA DE GALICIA E UNIÓN EUROPEA

PROXECTO EDUCACIÓN DIXITAL



1. QUE É O PROXECTO ABALAR?

O/A teu/túa fillo/a forma parte dunha **xeración que crece nun mundo conectado**, rodeado/a de smartphones, tabletas e ordenadores. **A educación non pode ser allea a un mundo cada vez máis dixital**. Por iso, desde a Xunta puxemos en marcha o **Proxecto Abalar**, enmarcado na Estratexia de Educación Dixital 2020, para proporcionarlle ao alumnado e aos docentes as **ferramentas tecnolóxicas** para que o ensino se axuste á realidade social na que viven as actuais xeracións.

Concibimos Abalar como unha iniciativa **para transformar a aula tradicional nun aula dixital** coa implicación de toda a comunidade educativa: pais, nais, titores/as legais, docentes e alumnado. Para conseguilo Abalar iniciou a súa andaina en 2010 proporcionando aos centros educativos:

- O equipamento e a conectividade. ✕
- Contidos dixitais.
- Accións de formación e difusión para docentes e familias.
- Canles de participación a través de espazos web e apps para docentes e familias.

Abalar é unha **iniciativa viva en evolución constante** e desde hai tres anos ofrece contidos educativos exclusivamente dixitais para **aulas de 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de ESO**, grazas á **plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal**. O/A teu/a túa fillo/a é un/unha dos **12.000 alumnos/as galegos/as** que xa estudan **unicamente con libros dixitais e este ordenador** é a súa ferramenta de estudo.

2. QUE OFRECE UN AULA DIXITAL?

As aulas dixitais están equipadas para ofrecer aos/as alumnos/as unha experiencia educativa adaptada ás necesidades duns/dunhas rapaces/as que se desenvolven nunha contorna tecnolóxica. Dispoñen **dun encerado dixital interactivo, dun proxector, dun portátil para o/a profesor/a e dun ordenador por alumno/a**. Ademais, contan con **conexión Wifi** para que o alumnado poida acceder aos contidos dixitais e seguir a actividade educativa na aula desde o seu equipo.

O/A teu/túa fillo/a ten á súa disposición os contidos de todas as materias correspondentes ao seu curso na **plataforma virtual de aprendizaxe**. Isto significa que non emprega libros en papel. Pode acceder a esta plataforma desde calquera ordenador con conexión a Internet e empregando as claves que se lle entregan na clase.

Tamén pode acceder á plataforma **sen ter conexión a Internet**, tanto a través do programa que xa vai instalado neste equipo, como a través das aplicacións para os **sistemas operativos Android ou iOS**.

Deste xeito, en caso de que non dispoñan de conexión a Internet na casa, o/a teu/túa fillo/a poderá seguir o curso sen dificultade. Calquera avance que realice sen conexión **será actualizado de maneira automática na plataforma** en canto o portátil volva a ter conexión a Internet.

3. A QUE CONTIDOS ACCEDE O/A MEU/MIÑA FILLO/A? ↺

Ademais do **material didáctico de cada materia**, integrado na plataforma E-Dixgal, os docentes teñen á súa disposición o repositorio de contidos espazoAbalar con máis de **3.000 contidos educativos dixitais en 7 idiomas** e poden incluír material de produción propia.

Estes contidos están deseñados para **facilitar unha educación interactiva e participativa, empregando o portátil ou o encerado dixital**.

Ademais, o portátil proporciona ao alumnado un amplo conxunto de aplicacións educativas agrupadas por categorías como **imaxes en 3D de planetas, táboa periódica ou editor de moléculas para ciencias; dicionarios para as materias de lingua; apps de experimentos e circuitos eléctricos para física ou de operacións e gráficas para matemáticas, entre outras...**

O emprego destes recursos e ferramentas facilita ao alumnado a adquisición de competencias dixitais necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.



4. CARACTERÍSTICAS DO PORTÁTIL E COMO SE DEBE CONECTAR Á REDE NA AULA E NA CASA

O/A teu/túa fillo/a dispón desde hoxe deste **PC Portátil HP ProBook x360 11 G1 EE**, que pode ser utilizado tanto no **modo portátil** como no **modo tableta**.

No centro educativo, a conexión á rede WIFI Abalar é automática, polo que non é necesario que o/a alumno/a faga ningún tipo de configuración.

No fogar, o/a alumno/a pode conectar o equipo a unha rede WIFI seguindo estes sinxelos pasos:

- Premer co botón esquerdo sobre a icona do Network Manager.
- Seleccionar a rede WIFI á que se desexa conectar. _____
- Introducir o contrasinal e premir o botón conectar. _____

Tamén pode conectar o equipo a unha rede fixa. Se esta rede proporciona direccións de xeito automático (mediante DHCP), unha vez conectado o equipo, o/a alumno/a non terá que realizar ningún tipo de configuración. Se non é así pode conectar o equipo seguindo estes sinxelos pasos:

- Premer co botón esquerdo sobre a icona do Network Manager.
- Seleccionar Editar as conexións. _____
- Premer Engadir. _____
- Seleccionar Cableada. _____
- Na lapela Configurar IPv4 introducir os valores axeitados da conexión cableada.
- Premir o botón gardar. _____



5. QUE SE PODE E QUE NON SE PODE FACER CO PORTÁTIL?

O/A teu/túa fillo/a levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo profesorado. Non se poderá utilizar este equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro. Ademais, non poderá cederse a terceiras persoas. A utilización non permitida do equipo será recollida como conduta contraria á convivencia nas normas de organización, funcionamento e convivencia.

- **Non se poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software instalado.**
- Deberá informarse ao/á titor/a do curso de calquera dano observado no equipo.
- O/A teu/túa fillo/a comprométese a **levar todos os días o ordenador ao centro** coa batería completamente cargada.
- O ordenador deberá **devolverse ao rematar o curso** e cando o centro o solicite para realizar actualizacións, tarefas de mantemento, etc.
- O profesorado e o/a coordinador/a E-DIXGAL do centro **poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno** co fin de constatar o seu estado.

6. QUEN É RESPONSABLE DO PORTÁTIL?

A **responsabilidade do correcto coidado do uso e do equipo recae nos/as pais/nais/titores/as legais**, respondendo da perda do ordenador ou do seu mal uso. Isto non inclúe as avarías que podan producirse na utilización diaria do equipo e que estean recollidas na súa garantía.

Xúntase o **formulario de asunción de responsabilidade** que debe entregarse debidamente cumprimentado e asinado no centro educativo.



7. EN CASO AVARÍAS OU DÚBIDAS, CONTÁCTANOS

Se che xorden dúbidas sobre o uso da plataforma ou tes unha incidencia técnica podes contactar co equipo de soporte de **luns a venres de 8:00 a 20:00 horas**, a través do teléfono 881 99 77 01 e no correo electrónico uac@edu.xunta.es

Ademais, para axilizar a resolución de incidencias tes á túa disposición no portátil unha aplicación, “**Acerca da Maqueta Abalar**”, que a través dun **Código QR** simplificará a creación da incidencia ou consulta.

Nos próximos meses estará dispoñible un **servizo premium de atención, soporte e acompañamento** para pais, nais, profesorado e alumnado, que ampliará o horario de atención, as canles dispoñibles e o servizo de resolución de avarías, incidencias e dúbidas, actualmente dispoñible.

8. SEGUIR A ACTIVIDADE EDUCATIVA DO TEU/TÚA FILLO

Abalar pon á túa disposición diferentes canles online, a través do portal “**espazoAbalar**” e da aplicación móbil “**abalarMóbil**” para que poidas seguir a actividade educativa do/a teu/túa fillo/a e contactar co seu equipo docente.

espazoAbalar

No espazo “familias” do Portal espazoAbalar <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/> podes consultar toda a información académica do/a teu/túa fillo/a:

- Datos persoais do/a alumno/a.
- Cualificacións.
- Información relativa ao curso no que está, como o grupo horario ou as materias que cursa.
- Condutas contrarias á convivencia.
- Calendario académico.
- Subscribirte ás novidades académicas do/a teu/túa fillo/a, que recibirá como notificacións a través de correo electrónico.
- Xustificar faltas.
- Concertar citas co profesorado.
- Servizos complementarios: as paradas do transporte escolar, o menú do comedor.
- Realizar o pago telemático do comedor.
- Acceder ao repositorio de contidos educativos.

O portal conta cunha guía explicativa de como acceder a todos estes servizos.



App abalarMóbil



Ademais da web, o proxecto Abalar ofrécete a opción de seguir a actividade educativa do/a teu/túa fillo/ desde calquera lugar e en calquera momento desde o teu móbil ou tableta coa **app abalarMóbil**.

Pódela descargar dende Apple store (se o sistema operativo é IOS) ou dende Play Store (se o sistema operativo é Android) para:

- Acceder a datos persoais.
- Consultar as cualificacións.
- Comprobar e xustificar as faltas de asistencia.
- Condutas contrarias á convivencia.
- Solicitar unha cita de tutoría.
- Consultar os datos do centro educativo.
- Consultar os avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo.
- Consultar as incidencias creadas polo profesorado.
- Modificar o idioma da aplicación.

PROXECTO ABALAR

As actuacións do Proxecto ABALAR incluídas dentro da operación “Educación digital - dotación de infraestrutura y servicios educativos digitales en centros” atópanse cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020